



BASES DO CONCURSO ENTROIDO VIRTUAL DE PONTECESURES 2021

A ORDE da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021 establece medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; así pois, O Concello de Pontecesures, no seu interese por preservar a manifestación da cultura galega e promocionar e contribuír á reactivación da hostalaría e o comercio local atendendo ás medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, acorda a realización do **Entroido Virtual de Pontecesures 2021**.

1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As persoas que desexen concursar, deberán enviar un correo electrónico á seguinte dirección entroidovirtualpontecesures@gmail.com coa fotografía ou vídeo que presenten a concurso a partires da publicación destas bases e ata o 16 de febreiro ás 20:00h, momento no que rematará o prazo e non se aceptarán máis participantes.

No mesmo correo deberán xuntar o modelo de solicitude de participación (ANEXO I)debidamente cumprimentado.

O día 17 de febreiro subiranse as fotografías e os vídeos de todos os participantes ao facebook do Concello de Pontecesures.

Unha vez publicadas as fotos ou vídeos, abrirase o proceso de votacións que permanecerá aberto a todxs xs visitantes da páxina de Facebook do Concello de Pontecesures ata o 18 de febreiro ás 00.00h nunha entrada creada para cada categoría na que poderán dar o seu apoio á fotografía ou vídeo que máis lles guste a través da pestana “me gusta” da propia aplicación.

O día 19 de febreiro comunicaranse os gañadores do concurso de disfraces do Entroido 2021 na paxina web do concello e nas redes sociais oficiais.

A entrega dos premios realizarase o sábado día 20 de febreiro no salón de plenos do Concello de Pontecesures, nas horas sinaladas para cada un dos premiados.

Debido aos peches perimetrais decretados polas autoridades competentes a consecuencia da situación sanitaria so poderán participar no concurso os veciños e veciñas residentes en Pontecesures.





2.- CATEGORÍAS E PREMIOS

2.1.- Establécense tres CATEGORÍAS:

Infantil: Individual e Parellas (0 a 14 anos)

Adulto: Individual e Parellas (15 en adiante)

Grupos de Conviventes: 3 ou máis persoas pertencentes á mesma unidade familiar.

Grupos de conviventes: a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

Polo tanto, permítense unicamente as reunións familiares, sociais e lúdicas, de carácter informal non regrado, das persoas que pertencen ao mesmo núcleo ou grupo de convivencia.

Os inscritos só poderán participar nunha categoría e só terán opción a un premio.

Os disfraces gañadores en edicións pasadas non poderán volver a competir.

2.2.- O importe total dos PREMIOS destinados aos/ás gañadores/as das diferentes categorías terán forma de VALE, que poderán trocar en calquera dos establecementos comerciais ou hostaleiros de Pontecesures.

Categoría	Posto	Individual	Parellas
Infantil (0 a 14 anos)	1º	60 €	80 €
	2º	30 €	50 €
	3º	20 €	30 €
Adultos (15 anos en adiante)	1º	60 €	80 €
	2º	30 €	50 €
	3º	20 €	30 €
Grupo Convivencia	1º	150 €	
	2º	100 €	
	3º	50 €	

Os premiados poderán facer uso do seu premio dende o 20 de febreiro ata o 1 de xuño de 2021.

3.-XURADO

Os gañadores/as serán os elixidos a través das votacións no Facebook do Concello.

Entregaranse os premios ás fotografías ou vídeos que máis “me gusta”





academ, que serán as consideradas con máis votos.

Valoraranse todas as propostas presentadas dentro do prazo sinalado.

Os/as participantes que non cumprimenten debidamente a instancia de participación, na que ceden os dereitos de uso das imaxes facilitadas e manifestan o acatamento destas bases, quedarán automaticamente eliminados do concurso.

En caso de empate, será a organización quen falle para determinar o desempate atendendo a criterios como son a orixinalidade, a creatividade, o uso de materiais respectuosos co medioambiente, e a dificultade na elaboración dos disfraces.

No caso de que existan menos participantes que premios, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de participantes.

4.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Pontecesures. A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento. En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos.

5.- MEDIDAS COVID

Todos os participantes deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será





igualmente esixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.

6.- OBSERVACIÓNS

A organización será quen resolva calquera circunstancia non prevista nas presentes bases, así mesmo poderá establecer modificacións que non estean contempladas, se fose necesario.

Os participantes coa sinatura da instancias aceptan que o Concello de Pontecesures publike as fotografías no Facebook do Concello.

Participar no concurso e inscribirse para a obtención de premios supón a aceptación íntegra destas bases.

Asdo.- Juan Manuel Vidal Seage
Alcalde-Presidente do Concello de Pontecesures

